
IRMANDADE

XOVES 4 decembro 2025

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann & Carme Rodríguez

Sala Mozart, 19:45h

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

I.

ARVO PÄRT (1935)

Fratres

GRAZYNA BACEWICZ (1810-1856)

Concerto para orquestra de corda

Allegro

Andante

Vivo

II.

CARME RODRÍGUEZ (1996)

Arborescente*

*Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta

LOUISE FARRENC (1804-1875)

Sinfonía núm. 3 en Sol menor, Op. 36

Adagio-Allegro

Adagio cantabile

Scherzo: Vivace

Finale: Allegro

Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente desde 2024. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Ildiko Oltai **
Michal Ryczel
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia
Helena Sengelow

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Millán Abeledo **
Fabio Arias
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador del Pozo (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viudez **

CLARINETES

Vicente López *
Daniel Veiga (R)

FAGOTS

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xabier Ramón *
Pablo Pazos (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

BALDUR BRÖNNIMANN

DIRECTOR

Baldur Brönnimann é un director de orquestra de gran flexibilidade e cunha visión aberta para a creación de programas e a práctica musical. Está profundamente comprometido en facer que a música clásica sexa relevante no século XXI e, con este obxectivo, traballa activamente como comisario de novas obras e como curador de festivais e ciclos. É director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais, director do programa Contemporary-Conducting na Lucerne Festival Academy e cofundador do Between Mountains Festival en Suíza, unha celebración de 24 horas de música clásica, ambiental, electrónica e contemporánea, que se lanzou en xullo de 2025.

Dirixiu interpretacións de referencia de obras de compositores como Saariaho, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel, Birtwistle e Zimmermann en festivais como Lucerne, Wien

Modern, Darmstadt, Donaueschingen, Grafenegg, Mostly Mozart no Lincoln Center e nos BBC Proms. É tamén altamente valorado por compositores vivos como Chin, Lachenmann e Neuwirth.

Brönnimann actúa regularmente por toda Europa. Na tempada 25/26 destacan os seus debuts co Antwerp Symphony, Philharmonisches Orchester Freiburg e Musikkollegium Winterthur, así como o seu regreso á WDR Symphony, á Iceland Symphony e á Helsingborg Symphony.

No ámbito operístico, dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, na Komische Oper Berlin e no Teatro Colón de Bos Aires, tanto na produción de La Fura dels Baus como na de Barrie Kosky. Tamén levou á escena *The Death of Klinghoffer* de John Adams na English National Opera, *L'amour de loin* de Saariaho no Bergen Festival e na Ópera de Noruega,

e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien. No Teatro Colón tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski, *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann co propio compositor como narrador, así como *Die Soldaten* de Zimmermann. Na tempada 25/26 regresará á English National Opera cunha nova produción de *Angel's Bone* de Du Yun.

En 2023 foi nomeado director titular e director artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela. O enfoque das súas tempadas céntrase no apoio a novos músicos, compositores e directores, no fomento dunha interacción máis próxima coas comunidades locais e na creación de novos formatos de concerto destinados a atraer novos públicos.

Anteriormente foi director titular da Basel Sinfonietta (2016–2023), di-

rector titular da Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música (2014–2020), director artístico do BIT20 Ensemble, principal agrupación de música contemporánea de Noruega (2011–2015) e director musical da Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá (2008–2012).

Nado en Suíza, Brönnimann formouse na City of Basel Music Academy e no Royal Northern College of Music en Manchester, onde posteriormente foi nomeado profesor visitante de dirección orquestral. Actualmente reside en Madrid.

NOTAS AO PROGRAMA

IRMANDADE

O concerto desta noite da Real Filharmonía de Galicia leva por título *Irmandade* e nel teremos ocasión de escoitar obras de Carme Rodríguez, Arvo Pärt, Grażyna Bacewicz e Louise Farrenc.

A primeira peza do programa é *Fratres* de Arvo Pärt (1935) un dos compositores contemporáneos máis difundidos e coñecidos, debido en parte, ao uso da súa música en máis de 60 películas. Nado en Paide (Estonia), estudou frauta, óboe e percusión e en 1954 iniciou a formación superior en composición no conservatorio de Tallin, aínda que non se graduaría ata 1963, ao verse obrigado a interromper os estudos polo servizo militar obrigatorio. As súas obras de xuventude amosan unha grande influencia de Prokofiev e Schönberg e a finais dos sesenta destaca pola súa utilización particular da técnica do collage en gran conexión coa tradición barroca. Unha boa mostra

deste momento artístico foi a obra *Credo* (1968) que marcou un punto de inflexión na súa traxectoria e supuxo a consideración por parte do estado soviético (Estonia era parte da URSS) como autor “perigoso”. A partir de entón comeza unha conversión estética, cun interese moi marcado polo canto gregoriano, a escola de Notre Dame e a polifonía renacentista que coincide no tempo coa súa integración na igrexa ortodoxa rusa e co inicio da súa relación con Nora, a súa compañeira sentimental. A partir dos anos 70 a quietude vai caracterizar a súa obra no que poderíamos denominar un “minimalismo sacro” caracterizado polo emprego duns elementos mínimos que son sometidos a pequenas variantes. Así mesmo, vai incorporar unha técnica propia e nova de composición que denomina *tintinnabuli*, nome que toma das campás de man que empregaban os monxes medievais para chamar ao traballo e á oración. Paul Hillier

sinala que esta técnica consiste en “acompañar unha melodía principal cunha voz *tintinnabular* que emprega unicamente notas pertencentes a un acorde tríade, seguindo algún tipo de regra con respecto á voz principal”. A obra *Fratres* foi composta en 1977 dentro desta nova linguaxe e no mesmo ano que outros importantes traballos como *Cantus in Memory of Benjamin Britten*, *Summma* ou *Tabula Rasa* (obra que lle ocasionaría importantes problemas co réxime soviético e mesmo a súa detención, véndose obrigado a exiliarse primeiro en Viena e logo en Berlín e prohibíndose a interpretación das súas obras durante anos no seu país). *Fratres* é una das obras máis coñecidas do seu catálogo e conta con 17 versións diferentes; hoxe escoitaremos a escrita para orquestra de corda e percusión. Esta composición consiste nun tema de só 6 compases e un conxunto de oito variacións de carácter hipnótico, unha especie de ladaíña na que unha mesma frase musical se repite nove veces separadas entre si por toques de claves e bombo.

A obra ten tamén un sentido simbólico que o autor explicou. A voz principal interpreta o tema de 6 compases que se dividen en dúas partes de 3 compases cada unha e representa o sufrimento; outra voz fai exactamente a mesma melodía a distancia de décima, simbolizando a fraternidade. Entre elas temos unha voz interior que representa o perdón e o auténtico, trátase da voz *tintinnabular* que emprega só as tres notas do acorde de la m (la, do e mi); a maiores hai un bordón conformado polas notas la-mi. A nivel dinámico escoitaremos un clímax arredor da sexta variación para rematar logo de forma escura. Toda a obra está inspirada na textura do *organum* medieval, a primeira forma polifónica que se desenvolveu a partir do canto gregoriano.

Seguidamente, escoitaremos o *Concerto para orquestra de corda* de Grażyna Bacewicz (1909-1969), coñecida como a “primeira dama da música polaca”. Nada en Tódz, Bacewicz era filla do compositor lituano Wincenty Bacewicz e considérase unha das autoras

pioneiras da música do s. XX en Polonia. Estudou violín co mestre húngaro Carl Flesch chegando a ser violinista principal da Orquestra Sinfónica da Radio Nacional Polaca e nos anos 30 formouse en composición con Nadia Boulanger en París. Durante a ocupación nazi de Varsovia na Segunda Guerra Mundial seguiu traballando como violinista clandestina e compositora. A súa traxectoria compositiva desenvólvese despois de que terminara a contenda. A pesar das constricións debidas ao control de Stalin e á censura do Realismo Socialista, a súa carreira florece e en 1949 ganou o segundo Premio do concurso Chopin organizado pola Asociación dos Compositores Polacos co seu *Concerto para piano* (non existiu o primeiro premio). En 1954 un grave accidente de tráfico fai que deixe de tocar o violín e pasa a centrarse unicamente na composición. O seu catálogo non é moi amplo, pero si variado, e o seu instrumento ten un gran peso con obras entre as que destaca o *Capriccio Polaco*. A nivel estilístico, e a pesar de que a compositora fuxía

de etiquetas concretas, poderíamos enmarcala entre o neoclasicismo e o modernismo, pola recorrencia frecuente a formas tradicionais. O *Concerto para orquestra de corda*, do que Lutoslawski afirmou que “é probablemente o máis destacado do período” foi composto en 1948 e estreouse en xuño de 1950 no marco da Asemblea Xeral de Compositores Polacos. Ese mesmo ano recibiu por esta obra o Premio Nacional e interpretouse nos EUA recibindo eloxiosas críticas como “unha honra para os compositores polacos” ou “un moderno concerto de Brandeburgo”. Trátase da obra máis coñecida e interpretada desta compositora e ten como fundamento a forma dun *concerto grosso* barroco, xénero no que un grupo pequeno de solistas (concertino) se enfronta ao *tutti* ou *ripieno* (toda a orquestra). Outros trazos destacados son un achegamento rigoroso á tonalidade e un desenvolvemento motivico que destaca aos intérpretes individuais. A súa estrutura é en 3 movementos: *Allegro*, *Andante* e *Vivo*. No primeiro destacan os cambios repentinos de dinámica e os

solos que fan destacar os distintos instrumentos. O movemento central está dominando por un expresivo solo de violoncello seguido dunha expansión na textura que leva a escoitar ata 12 partes instrumentais diferentes. Finalmente, o *Vivo*, combina pasaxes máis melódicas con outra máis virtuosísticas.

A continuación, interpretárase *Arborescente* de Carme Rodríguez (1996), unha nova estrea da serie “Cometas”. Natural de Ribadeo, Rodríguez é compositora, orquestradora e arranxista. Iniciou os seus estudos moi nova na súa vila natal e posteriormente, realizou o Grao en Composición de Músicas Contemporáneas na Escuela Universitaria de Artes e Espectáculos TAI de Madrid, onde obtivo as máximas cualificacións. Nestes últimos anos recibiu numerosos galardóns entre os que cabe destacar o Concurso CreaClásica (2019) e o Concurso Internacional de Composición María de Pablos (II e III edición, 2019 e 2020). Actualmente desenvolve o seu traballo entre Galicia e Madrid con proxectos propios e outros de colaboración, recibindo encargos

de importantes institucións como a Orquesta e Coro Nacionales de España (Ciclo Satélites), a Real Filharmonía de Galicia, o Consello da Cultura Galega ou a Orquesta Sinfónica de Galicia. As súas obras e orquestracións foron interpretadas por agrupacións coma a OSCYL, Sonor Ensemble, Zoar Ensemble ou o Grupo Instrumental Siglo XX; e por solistas como Isabel Dobarro. O seu estilo é moi versátil e ecléctico, abarcando música de concerto e tamén para o cine, a televisión ou o teatro. Na súa música convive o pasado e o presente, cun uso moi delicado da harmonía. En canto á súa nova creación, *Arborescente*, Carme Rodríguez sinala que: “é unha peza sinfónica que busca recrear musicalmente a expresión ramificada do crecemento da natureza, dende a sutileza dun punto de partida común cara á exposición brillante de cada membro do conxunto. Con influencias minimalistas, impresionistas e expresionistas, a obra adecúase a un momento de experimentación textural da autora e pretende valer-se da fugacidade para condensar

a expansión que ocorrería nunha árbore a través de séculos de desenvolvemento”.

Péchase o programa e a historia desta noite cunha homenaxe a unha gran compositora francesa do s. XIX inxustamente esquecida. A súa necrolóxica, publicada na *Revue musicale* o 15 de setembro de 1875, versaba de maneira premonitória o seguinte: “se algún día o público ignora o seu nome, corresponderá aos artistas, coñecedores da valía desta eminente muller, renderlle homenaxe do modo máis útil á súa memoria, facendo oír as creacións da súa mente privilexiada”. Pianista e compositora reputada, Louise naceu no seo dunha familia de artistas, o seu pai era escultor, e ela e os seus irmáns (sen distinción de xénero) recibiron unha formación sólida comezando dende ben pequena polo piano e proseguindo coa composición, tendo como profesor a Anton Reicha. Desenvolveu unha intensa carreira como concertista, triunfando en países como Inglaterra, Bélxica e Alemaña e compaxinándoa co súa faceta de compositora. Foi moi

admirada por autores coetáneos como Schumann ou Berlioz e recibiu varios premios da Academia de Belas Artes de Francia e en dúas ocasións o Prix Chartier. Tamén traballou como editora co seu marido Aristide Farrenc e levou a cabo investigacións musicolóxicas. En 1859, tras a morte da súa filla Victorine, abandonou a composición para centrarse unicamente na ensinanza, campo no que comezara anos atrás, e dende 1842 farao no Conservatorio de París, sendo unha das poucas mulleres que ocupou unha cátedra naquela época nesta prestixiosa institución. Curiosamente, só podía impartir clases a alumnas e percibía un salario bastante máis baixo que os seus compañeiros varóns, chegando a escribir unha carta ao director do conservatorio, o compositor Auber, para reverter esta inxusta situación: “Atrévome pois a esperar de vostede que acceda a equiparar os meus honorarios aos destes profesores, xa que se non (...) podería creerse que non puxen todo o celo e a asiduidade para a tarefa que me foi encomendada”, conseguindo

finalmente o seu obxectivo. O seu catálogo inclúe máis de 50 obras, centradas inicialmente no piano (entre 1820 e 1830) –os seus *Études op.36* convertéronse en obra de referencia no Conservatorio de París– e posteriormente compón tamén música de cámara, tres sinfonías e varias aberturas. A *Sinfonía núm. 3 en Sol m op. 36* é a última das súas obras orquestrais e foi escrita en 1847 e estreada dous anos despois. Consta de catro movementos (*Adagio-Allegro*; *Adagio cantabile*; *Scherzo.Vivace*; e *Finale. Allegro*) que seguen esquemas formais clásicos. O primeiro comeza cunha introdución lenta que dá paso a un *allegro* en forma sonata coas tres partes habituais (exposición-desenvolvemento e recapitulación) e a presenza de dous temas contrastantes, o primeiro de carácter

rítmico e o segundo máis pausado e cun papel predominante do óboe. O *Adagio cantabile*, de clara influencia mozartiana, ten unha estrutura de lied. O tema principal está interpretado polo clarinete en alternancia cos violíns primeiros e a parte central é moito máis dramática. O terceiro movemento é un *scherzo*, ordenado como é costume: *Scherzo – Trío* (cun papel destacado dos ventos) - *Scherzo*. O movemento final volve ser unha forma sonata en tempo rápido e nel é evidente a pegada de Beethoven.

Un concerto dominado pola presenza feminina de tres autoras de épocas distintas (s. XIX, XX e XXI) “irmandadas” pola obra de Arvo Pärt, eixo central que dá nome ao programa.

Carme Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO
SELECCIÓN DE NOVO/A DIRECTOR/A
ASISTENTE

XOVES 11 DECEMBRO
Auditorio de Galicia, 20.30h

Baldur Brönnimann, director do obradoiro

Directores e directoras finalistas

- Joan Magrané: Andante tranquilo (proxecto Cometas).
Encarga RFG, estrea absoluta.
 - György Ligeti: Concerto romanés
 - Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 1 en Do maior, Op. 21
-

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)

[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)

[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

